

Exames do Goethe-Institut (GI) no Centro Examinador de Santiago de Compostela, o Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC, no marco do convenio de colaboración asinado entre o Goethe-Institut e a USC con data de 1 de maio de 2021, polo que se autoriza e encomenda a realización desta actividade.

Convocatoria 2024

1. Exames convocados

Goethe-Zertifikat A1
 Goethe-Zertifikat A2
 Goethe-Zertifikat B1 (por módulos)
 Goethe-Zertifikat B2 (por módulos)
 Goethe-Zertifikat C1 (por módulos)

2. Admisión ás probas

16 anos cumpridos no ano natural da formalización da matrícula é a idade mínima para poder participar nas actividades do CLM da USC.

3. Tarifas

Para a presente convocatoria as tarifas que se aplicarán son as que se indican no seguinte cadro:

EXAME	Tarifa reducida USC	Tarifa oficial EXTERNOS
Goethe-Zertifikat A1	65 €	85 €
Goethe-Zertifikat A2	90 €	110 €
Goethe-Zertifikat B1 (por módulos)	Cada módulo: 45 €	Cada módulo: 55 €
Goethe-Zertifikat B1 (catro módulos)	145 €	170 €
Goethe-Zertifikat B2 (por módulos)	Cada módulo: 55 €	Cada módulo: 65 €
Goethe-Zertifikat B2 (catro módulos)	175 €	200 €
Goethe-Zertifikat C1 (por módulos)	Cada módulo: 65 €	Cada módulo: 75 €
Goethe-Zertifikat C1 (catro módulos)	200 €	230 €

Existen **dúas** tarifas, "Tarifa oficial externos" - a oficialmente establecida polo propio GI para os candidatos externos e "*Tarifa reducida USC*" a tarifa reducida para membros da comunidade universitaria da USC.

Poderán acollerse á *tarifa reducida USC*:

- a) membros da comunidade universitaria da USC
- b) alumnado do CLM do curso 2023/24 ou antigos alumnos e alumnas de alemán do CLM que superasen polo menos un curso de alemán nos derradeiros 5 anos.

O CLM comprobará a veracidade dos datos achegados, en caso de necesidade, solicitará documentación complementaria.

4. Matrícula

4.1. Prazos de matrícula

Do 2 de maio ata o 31 de maio de 2024.

Non se admitirán inscricións fóra de prazo.

4.2. Como realizar a matrícula

A matrícula realizarase por internet a través da Secretaría Virtual (SV), de xeito que os datos persoais e académicos serán recollidos automaticamente.


Acceso Secretaría Virtual alumnado USC (SVA):

<https://sec-virtual.usc.es/Secretaria/Login.asp>

Secretaría Virtual persoas externas (SV):

<https://matricula.usc.es/Loginx/Login.asp>

Para matricularse, a persoa accede ao menú de Actividades da SV/SVA e, ao premer no apartado "Oferta", selecciona o tipo de actividade "Goethe-Zertifikat (CLM)".



Tipos de actividades

Relación de tipos de actividades.

Nome
Actividades da EDIUS
Actividades de Recoñecemento de ECTS nos Graos
Actividades de Xestión Académica
Actividades do Centro de Estudos Propios - Recoñecemento de créditos cursos MOOC
Actividades SEPIU
Actividades Xestión Orientación Laboral
Cursos de Formación Cultural
Cursos de Verán
Cursos do Servizo de Normalización Lingüística
Cursos e sesións de conversación de Linguas Modernas (CLM)
Exames de nivel ELE / Galego (CLM)
Exames e Probas de Competencia Lingüística B1, B2, C1 (CLM)
Goethe-Zertifikat (CLM)
Seminarios de IV Ciclo

A listaxe móstralle as actividades con prazo aberto ou pechado e a persoa selecciona a actividade que lle interesa. Só aparece a ligazón de "Matricularse" se o prazo está aberto.

Oferta de actividades

[Amosar só actividades con período aberto](#)

Listaxe coa oferta de actividades da USC.

Goethe-Zertifikat (CLM)

[Ver oferta completa](#)

Cursos / Conversas	Inicio da actividade	Fin da actividade	Campus	
Exame Goethe-Zertifikat A2 Completo	15/06/2023	15/06/2023	Santiago de Compostela	
Exame Goethe-Zertifikat B1 Módulo Lesen/Lectura	20/06/2023	20/06/2023	Santiago de Compostela	
Exame Goethe-Zertifikat A1 Completo	13/06/2023	13/06/2023	Santiago de Compostela	Matricularse

Para matricularse a persoa escolle a modalidade de pagamento (*Efectivo* ou *Con tarxeta*) e, **se ten dereito a el**, o desconto aplicable (...). Despois premerá o botón "Realizar matrícula" e, en caso de cumprir os requisitos, matricúlase na actividade.

GOE.ZERT.13062023.A1.S Exame Goethe-Zertifikat A1 Completo

Modalidade de matrícula: Límite de prazas con lista de agarda

Esta actividade ten un número de prazas limitado. Mentres existan prazas libres podes matricularte. Cando se rematen as prazas podes apuntarte na lista de agarda. Se queda algunha praza libre avisarémoste (por orde de entrada na lista de agarda) para que podas matricularte na praza vacante. **Unha vez matriculado, dispós de cinco días naturais para realizar o pagamento da matrícula, do contrario procederase á anulación da mesma.**

Prazas ofertadas: 20

Prezo: 85,00 €

Datos para a formalización da matrícula

Escolle a forma de pagamento que desexas. A continuación selecciona o/s desconto/s que corresponda/n, só no caso de cumprir os requirimentos esixidos. Para finalizar e formalizar a túa matrícula na actividade, preme o botón *Realizar Matrícula*.

Selección do Grupo:

Selecciona entre os dispoñibles o grupo no cal desexas inscribirte para realizar esta actividade.

Exame

13/06/2023, 10:00horas, Campus Norte (O lugar concreto será comunicado uns días antes dos exames)

Modalidade de pagamento: Efectivo

O pagamento con tarxeta está dispoñible para tódalas tarxetas excepto American Express.

Prezo da actividade:

Prezo base da actividade seleccionada.

85,00 €

Descontos aplicables:

Selecciona o/s desconto/s ao/s que teñas dereito segundo a túa situación, sempre e cando cumpras cos requirimentos esixidos.

Exencións CLM:

Prezo da túa matrícula: 85,00 €

Realizar Matrícula

Se a persoa satisfai os requisitos, nese momento enviaráselle dende a aplicación unha mensaxe automatizada de aviso coa información de que está matriculada na actividade.

Ata que non pague a matrícula non terá a matrícula formalizada na USC. No caso de que a persoa non pague a matrícula nos 5 días seguintes, a matrícula anúlase automaticamente. Para reactivar a súa matrícula, debe solicitalo a través do enderezo clm@usc.gal

Así mesmo, no momento de matricularse, a alumna ou o alumno poderá realizar o pago con tarxeta seguindo as indicacións da plataforma de pago ou imprimir a folla de liquidación dos prezos sempre e cando faga o abono na entidade bancaria correspondente.

Soamente poderá realizar os exames aquel alumnado que se inscriba en forma e prazo.

Se desexa facer o exame por módulos, deberá facer unha matrícula por cada módulo.

O alumnado deberá comprobar na súa secretaría virtual se o prezo público aplicado esta realmente pagado. Este proceso concluirá cando o banco transfira a cantidade pagada

á Universidade. O persoal examinador pode solicitar o comprobante do pago cando a matrícula non estea rexistrada correctamente.

Cada exame ten un número limitado de prazas. Cando se cubran todas a prazas, o sistema permitirá a opción de inscribirse na lista de agarda.

A inscrición na lista de agarda non garante conseguir a praza solicitada. No caso de haber prazas liberadas por renuncias das persoas matriculadas, e cando sexa tecnicamente posible aceptar unha nova matrícula, a aplicación avisa o alumnado rexistrado na listaxe de agarda por estrita orde do seu rexistro na aplicación.

Aquelas persoas que requiran algún tipo de adaptación de tempo e/ou medios para facer estes exames por algunha clase de impedimento físico ou doutra natureza deberán facelo constar no momento da matrícula e teñen que achegar o correspondente certificado que o documento por correo electrónico ao CLM (clm@usc.gal).

5. Probas

As probas terán lugar en Santiago de Compostela. Sempre que o número de candidatos o permita a proba escrita e a proba oral serán o mesmo día: pola mañá a proba escrita e pola tarde a oral.

Para a presente convocatoria do mes de xuño de 2024 as datas, hora de inicio e lugar das probas son as que se indican no seguinte cadro:

Proba	día	hora	lugar
Goethe-Zertifikat A1	10 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat A2	12 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B1 Módulo Hören/Escoita	14 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B1 Módulo Lesen/Lectura	14 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B1 Módulo Schreiben/Escrita	14 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B1 Módulo Sprechen/Fala	14 de xuño	15:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B2 Módulo Hören/Escoita	17 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B2 Módulo Lesen/Lectura	17 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B2 Módulo Schreiben/Escrita	17 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat B2 Módulo Sprechen/Fala	17 de xuño	15:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat C1 Módulo Hören/Escoita	19 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat C1 Módulo Lesen/Lectura	19 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat C1 Módulo Schreiben/Escrita	19 de xuño	10:00	Campus Norte
Goethe-Zertifikat C1 Módulo Sprechen/Fala	19 de xuño	15:00	Campus Norte

O CLM resérvase o dereito de convocar, se as circunstancias o esixen, outras datas de probas que se anunciarán oportunamente.

Para a súa identificación os candidatos deberán presentarse ás probas provistos do seu **documento de identidade con fotografía**.

O exame completo consta de catro partes, tal como está recollido nos correspondentes regulamentos de exame (Durchführungsbestimmungen) do Goethe-Institut. Para todo o que atinxe ao desenvolvemento das probas, estas rexeranse pola normativa xeral do Goethe-Institut (Prüfungsordnung).

6. Tribunal de exame

O tribunal permanente dos exames estará formado polos seguintes profesores habilitados polo Goethe-Institut:

José Manuel Pérez Pena (Coordinador)
Manuel Fernández Méndez

7. Resultados

Os resultados dos exames comunicaranse individualmente por correo electrónico, catro semanas despois de realizadas as probas. Para iso cada persoa debe solicitalo escribindo un correo electrónico a: clmgoethe@usc.es e indicando en asunto `nota A1`, `nota A2`, `nota B1`, `nota B2` ou `nota C1`.

8. Diplomas

Os diplomas estarán a disposición dos seus titulares seis semanas despois de realizadas as probas, en días laborais de 9:00 h a 14:00 h, na sede do CLM da USC:

Avda. das Ciencias 7, 1º,
Campus Vida
Santiago de Compostela
(en días laborais de 9:00 h a 14:00 h)

É necesario identificarse cun documento de identidade con fotografía.

As certificacións poderán ser recollidas por outra persoa e para iso terá que presentar:

- unha autorización asinada polo titular do certificado
- fotocopia do DNI ou pasaporte do titular do certificado

A persoa delegada para recoller o título, tamén deberá identificarse co seu documento de identidade con fotografía.